



Recomendación dirixida á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para que adopte todas as medidas precisas para desenvolver eficazmente a atención educativa virtual ao alumnado vulnerable e ao alumnado que por ter familiares conviventes vulnerables non acuda ao centro docente como consecuencia dunha emerxencia sanitaria, cando se determine a súa ausencia como xustificada. E que estude todas as opcións técnicas posibles para avanzar nos recursos dixitais precisos e na implantación de aplicacións e ferramentas en todos os centros escolares que garantan esa atención educativa

Expediente: D.3.Q/9115/21

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2022

Sr. conselleiro:

Como sabe, ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención xxxxx, que promovera con anterioridade expedientes de queixa ante esa consellería con números de expediente D.3.Q/4727/20 e D.3.Q/432/21. A persoa que promove este expediente é representante legal de xxx, alumno de 6º curso de EP no CEIP xxx durante o curso académico 2021-2022.

ANTECEDENTES

No seu escrito, manifestaba que presentaba queixa por mor dunha *“nova vulneración do dereito fundamental á educación do alumno menor de idade; vulneración do dereito fundamental á saúde e a protexer a vida e integridade física e emocional; discriminación dun menor e da súa familia”*.

Esa consellería é coñecedora da situación de vulnerabilidade da nai do alumno por mor de enfermidade grave desde o comezo da pandemia. Malia isto, xxx comezou o este curso escolar sen apoios. Tendo solicitada titoría o 10 de setembro, ata o 5 de outubro non se lle deu acceso á plataforma Edixgal, día en que a titora enviou por correo electrónico as claves de acceso, sen poder acadar outros contidos dixitais aparte dos libros electrónicos. Desde o comezo do curso, o alumno non recibiu orientacións nin tarefas, nin se lle avaliaron as actividades realizadas na casa. O 5 de outubro, case un mes despois de iniciadas as clases, recibiu atención educativa. Aínda así, non se lle deron indicacións do que estaba a facer o resto da aula.

A nai de do alumno solicitou repetidamente tarefas ou acceder ás programacións didácticas, que non estaban publicadas na web do centro. Tamén se lle comentou que non ía ter tarefas ata ter unha resolución. A persoa que promove este expediente manifesta a súa tristura pola falta de atención educativa ao neno, supeditando os mestres todas as actividades a que houbera unha resolución da Administración, sen tentar manter o sistema de atención educativa virtual que recibira o curso pasado, no que tiña unha carpeta diaria para acceder ás tarefas de todas as materias e se subían os exercicios do libro. Por medio desa carpeta se enviaban as tarefas e se recibían as correccións. Foi a anterior titora de 5º A quen deseñou a carpeta, de quen recibiu apoio, resolvía as dúbidas, explicaba as materias e coordinaba ao resto dos profesores.

Finalmente, recibiu a resolución do xefe territorial na Coruña da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, de 9 de novembro de 2021, autorizando a atención educativa domiciliaria mixta de xxx, cunha asignación que non podería superar as tres horas semanais presenciais.

ANÁLISE

xxx estivo todo o curso en réxime de escolarización domiciliaria. O artigo 62 da Orde do 8 de setembro de 2021 regula medidas específicas para cada unha das situacións nas que o alumnado non poida asistir con regularidade por un período prolongado ao centro docente no que estea escolarizado, por prescrición médica, doenza, vulnerabilidade propia ou conviventes vulnerables como consecuencia dunha emerxencia sanitaria, por lesión ou por permanecer ingresado nun centro hospitalario a tempo completo ou en hospitalización de día.

A atención educativa domiciliaria que autorizou a resolución da xefatura territorial non se axustaba ao suposto de feito e, xa que logo, tampouco as medidas previstas nela para un alumno convalescente ou enfermo crónico cando, neste caso, trátase dun neno san que convive cun familiar de alto risco por mor da pandemia da COVID-19. A situación de enfermidade do alumnado condiciona o tempo de dedicación ao traballo escolar. Porén, neste caso trátase dun alumno san. No recurso de alzada, a familia alegou que a resolución da Consellería non concedeu ao alumno a única modalidade contemplada na normativa educativa para o seu caso: a atención educativa virtual (alumnado que por ter familiares conviventes vulnerables non poida acudir ao centro docente), senón unha modalidade destinada unicamente aos alumnos enfermos.

Na Orde do 8 de setembro de 2021, no artigo 62.4 regúlase a atención educativa virtual:

- a) *Será destinatario desta atención educativa virtual o alumnado vulnerable e o alumnado que por ter familiares conviventes vulnerables non acuda ao centro docente*

como consecuencia dunha emerxencia sanitaria e para o cal as comisións provinciais de seguimento, creadas para tal efecto, determinen como xustificada a súa ausencia. Neste caso, proporán a adopción das medidas necesarias para a adecuación da resposta educativa correspondente.

A solicitude da nai estaba amparada neste artigo 62.4 que non limita o número de horas de atención educativa.

A escolarización domiciliaria concedida non se correspondeu coa situación persoal real do alumno e, xa que logo, ocasionoulle un prexuízo, dado que ante idénticas circunstancias ás do curso 2020-21, no curso 2021-22 as horas de atención educativa reducíronse con respecto ao curso anterior, de forma que pasaron de 300 minutos/semana a 250 minutos/semana.

Só se impartiu apoio en determinadas materias escolares elixidas polo equipo directivo sen consultar á familia nin facer avaliación inicial nin continua ao alumno (o CEIP non dispón da avaliación inicial de xxx, avaliación que se lle fixo ao resto da aula a comezo de curso), nin tampouco a avaliación continua. Tivo que presentarse aos exames do primeiro trimestre sen coñecer nada do impartido na súa aula.

Desde o 9 de setembro ata o 22 de novembro de 2022, o CEIP xxx non facilitou ningunha información sobre os contidos impartidos na aula do neno, sobre as tarefas realizadas na clase, sobre as editoriais e libros de texto empregados, ou sobre calquera outro aspecto que puidera axudar á familia a preparar ao alumno para a incorporación ao curso, alegando que non se recibira a resolución da xefatura territorial sobre a solicitude de atención educativa virtual. Unicamente facilitou as programacións didácticas do curso cando xa non tiñan utilidade para a familia (o 22 e 23 de novembro, data de comezo do apoio escolar).

Igualmente, foi examinado pola titora de contidos que nunca se lle impartiron, e sobre os que a titora non corrixiu os traballos e exercicios achegados por corresponder ao período escolar anterior ao 22 de novembro de 2022 (data de comezo do apoio escolar). Isto pode ser facilmente comprobado accedendo á aula virtual Edixgal de 6º de Primaria e vendo no cartafol no alumno todo o traballo feito polo alumno desde o 5 de outubro en que tivo acceso á aula ata o 22 de novembro de 2021, así como todo o traballo dixitalizado subido á aula virtual (fichas, cadernos de todas as materias, traballos académicos, etc.).

A falta de colaboración do CEIP coa familia impediu o acceso do neno aos seus libros de texto ata o día 5 de outubro de 2021, data na que, tras as reclamacións da familia, se lles facilitou a contrasinal de acceso mediante un email durante unha titoría que foi concedida un mes despois de solicitala.

Nun correo remitido polo equipo directivo do CEIP xxx o 19 de novembro de 2021, indícanse as horas de atención educativa que imparte cada mestre, logo do nomeamento do mestre de atención educativa:

As horas de conexión a través da plataforma CISCO WEBEX serán:

- Luns, martes e mércores de 9:00 a 9:50 co mestre de Atención Educativa Domiciliaria.

- Xoves de 9:00 a 9:50 coa mestra de PROA+.

- Venres de 9:50 a 10:40 ca titora.

Despois de varias modificacións do horario escolar do alumno desde o 22 de novembro de 2021, o horario, no referido ao apoio escolar, foi o seguinte:

Luns: 50 minutos de Inglés / Lengua / Plástica

Martes: 100 minutos de Inglés / Lengua / Plástica

Mércores: 0 minutos

Xoves: 50 minutos de CC Sociais / CC Naturais

Venres: 50 minutos de Matemáticas / Lingua

Apoio escolar de Música: 0 minutos/semana; Apoio escolar de E.F.: 0 minutos/semana

En consecuencia o alumno non tivo apoio escolar de E.F. e Música este curso, algo que non sucedeu o curso 2020-21.

Malia estas circunstancias, xxx ten superado coas mellores cualificacións este 6º curso de Educación Primaria cun gran esforzo do alumno dada a escaseza do tempo dedicado polo centro á súa atención educativa; o retraso de dous meses e medio en concederlle esta atención educativa; a falta de motivación debida á falta de contacto interpersoal do alumno cos seus iguais; as dificultades para un alumno de 6º de primaria en xestionar as súas dúbidas nas limitadas horas de videoconferencia cos seus profesores; ou as carencias nas explicacións dos contidos que o alumno debía solucionar pola súa conta cunha sobrecarga de traballo.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a seguinte **recomendación**:

Que a consellería adopte todas as medidas precisas para desenvolver eficazmente a atención educativa virtual ao alumnado vulnerable e ao alumnado que por ter familiares conviventes vulnerables non acuda ao centro docente como consecuencia dunha emerxencia sanitaria, cando se determine a súa ausencia como xustificada. Neste sentido, a resposta ás solicitudes debe ser rápida, evitando que a falta de inmediatez na resposta ocasione retrasos na atención educativa efectiva do alumnado, que debe ir ao mesmo ritmo que o resto da aula de referencia.

Por outra parte, é urxente desenvolver os medios técnicos precisos para que a atención educativa virtual só se diferencie da atención educativa presencial na ausencia física do alumno na aula e que non se limite á concesión de horas de apoio docente ao alumnado que deba permanecer na casa. Neste sentido, recoméndase que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades estude todas as opcións técnicas posibles para avanzar nos recursos dixitais precisos e na implantación de aplicacións e ferramentas en todos os centros escolares que garantan esa atención educativa como se o alumno estivese na aula xunto cos seus compañeiros, malia que de xeito virtual.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo

